

ACTA Nº 61 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia de acordo co artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunións de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/4/2020. O medio electrónico a través do que terá lugar a sesión será Teams e esta será gravada.

DATA: 8 de outubro de 2025

HORA INICIO: 9:30 h.

HORA FIN: 9:40 h.

ASISTENTES:

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Brao Viña, Ana Mª (Responsable da Xestión de Centro)
Campos Magdaleno, María (PDI)
Dosil Díaz, Carlos (PDI)
Gómez Gómez, Mª Carmen (PDI)
López Castro, Leticia (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Núñez García, Jesica (PDI)
Romero Castro, Mª José (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)

DESCULPAN ASISTENCIA:

Souto Seijo, Alba María (PDI)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da declaración de intencións para a modificación substancial da memoria do título do mestrado en Profesado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas (condicionada á publicación

da orde Ministerial que regula as titulacións de Meste), para a súa adaptación ao RO 822/2021 e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (Diario Oficial de Galicia, 22 de decembro de 2022) (Achégase declaración)

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, cede a palabra á vicedecana e responsable de calidade do centro, Paula López, quen indica que esta declaración de intencións, condicionada á publicación da orde ministerial correspondente, é a que se fixo en cursos anteriores. O coordinador do Mestrado, o profesor Carlos Dosil, confirma que non hai cambios ao respecto.

Apróbase por asentimento a declaración de intencións para a modificación substancial da memoria do título do mestrado en Profesado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas (condicionada á publicación da orde Ministerial que regula as titulacións de Meste), para a súa adaptación ao RO 822/2021 e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (Diario Oficial de Galicia, 22 de decembro de 2022)

2. Aprobación, se procede, da declaración de intencións para a modificación substancial das memorias dos títulos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, para a súa adaptación ao RO 822/2021 e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (Diario Oficial de Galicia, 22 de decembro de 2022) (Achégase declaración)

A presidenta da comisión, Carmen Sarceda, volve a dar a palabra á vicedecana e responsable de calidade do centro, a profesora Paula López, que explica que hai que facer modificacións nas memorias destes títulos para adecuar a optatividade. Proponse facer unha modificación temporal de tal xeito que se manteñan en cada mención dos títulos as materias optativas, aumentando os créditos de mención nas materias de Practicum e TFG, ata que haxa que modificar os títulos.

Apróbase por asentimento a declaración de intencións para a modificación substancial das memorias dos títulos do Grao en Mestre/a de Educación Infantil e do Grao en Mestre/a de Educación Primaria, para a súa adaptación ao RO 822/2021 e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela (Diario Oficial de Galicia, 22 de decembro de 2022)

Sen mais intervencións, a presidenta da comisión agradece a presenza de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace da Presidenta

Virginia Aznar Cuadrado

M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO,
SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 19/01/2026 13:45:18.

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO,
DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 19/01/2026 14:26:54.

CSV: 0D54-9F4C-40E5-AEA4